



Estatutos  
**SOCIEDADE GALEGA  
DE  
HISTORIA NATURAL  
(SGHN)**

Aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria  
do 28 de febreiro do 2004 e notificada a súa  
inscrición polo Ministerio do Interior con data  
30 de abril de 2005.

Entrada en vigor o 30 de maio de 2005

Texto adaptado á *Lei Orgánica 1/2002 de 22 de  
marzo, reguladora do Dereito de Asociación.*

## TÍTULO I DENOMINACIÓN, ENDEREZO, DURACIÓN, ÁMBITO E FINS

### Artigo 1. Denominación

1. Coa denominación de Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.), e ó amparo do artigo 22 da Constitución Española, constitúese a presente Asociación de Defensa Ambiental e sen ánimo de lucro, que terá, de acordo coas leis, capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.

2. A Asociación rexerese polos presentes Estatutos e polos acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e os Órganos Directivos. No non previsto estarase ó disposto pola Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa de aplicación.

### Artigo 2. Enderezo

A S.G.H.N. terá a súa sede en Santiago de Compostela, na rúa Oliveira, número 4. A Asemblea Xeral, convocada expresamente para elo, poderá muda-lo seu enderezo se fose mester.

### Artigo 3. Ámbito

O eido desta asociación será principalmente o da Rexión Natural Galaica, e as áreas limítrofes da Rexión Natural Astúricoleonesa coas que comparta espazos naturais, polo que comprende a Comunidade Autónoma de Galicia, o oeste do Principado de Asturias e o oeste da Junta de Comunidades de Castilla-León; inclúe asimesmo o espazo marítimo de 200 millas que arrodea o devandito espazo terrestre.

### Artigo 4. Duración

A S.G.H.N. constitúese por tempo indefinido.

### Artigo 5. Obxectivos, actividades e lingua

1. A S.G.H.N. é unha asociación independente e científica, dedicada ó estudio, divulgación, conservación e defensa do medio natural, que non ten na súa actuación fins lucrativos. Os seus obxectivos son:

a. A organización de actividades de estudio e divulgación, así como fomentar e difundir-lo interese e a preocupación polos temas relacionados co coñecemento, conservación e defensa da natureza. Ditas actividades realizaranse pola propia S.G.H.N. ou en colaboración coas entidades ou organismos nacionais ou estranxeiros que se considere convinte.

b. Organizar, promover e apoiar tódalas accións que se consideren para a defensa da natureza e o medio ambiente.

c. Publica-las revistas e traballos científicos, divulgativos e informativos que se crean necesarios, independentemente ou en colaboración con outras entidades, e procurar pór a disposición dos socios as publicacións españolas ou estranxeiras de interese.

d. Aqueles outros fins que acorde a Asemblea Xeral da S.G.H.N. que teñan que ver coa natureza e o medio ambiente.

2. A lingua de traballo será o galego.

## TÍTULO II ESTRUCTURA, ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

### CAPÍTULO I. ÓRGANOS DE GOBERNO

#### Artigo 6. Clases e principios

1. Os órganos de goberno e representación da S.G.H.N. son:

a. A Asemblea Xeral.

b. A Xunta Directiva Xeral.

2. A organización interna e o funcionamento da S.G.H.N. será democrático e con pleno respecto ó pluralismo.

### CAPÍTULO II. A ASEMBLEA XERAL

#### Artigo 7. Composición

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da S.G.H.N. e a integran a totalidade dos socios cos dereitos de voz e voto que se lles recoñece no título III.

#### Artigo 8. Clases

As Asembleas poderanse reunir con carácter ordinario ou extraordinario:

1. As Asembleas Ordinarias, reuniranse necesariamente unha vez o ano no primeiro trimestre tra-lo peche do exercicio.

2. As Asembleas Extraordinarias, poderanse reunir:

a. A iniciativa do Presidente.

b. Por acordo da Xunta Directiva.

c. A proposta dos 2/3 dos membros da Directiva.

d. Cando o soliciten por escrito, como mínimo os 2/3 dos socios.

#### Artigo 9. Convocatoria

As sesións das Asembleas convocaranse mediante circular ós socios, anunciando a Orde do Día da sesión, redactada polo Secretario e facendo constar o lugar e a data da mesma alomenos con 15 días naturais de antelación á celebración.

#### Artigo 10. Quorum e votacións

1. Para a validez dos acordos tomados nas Asembleas, será necesaria a presenza dos 2/3 dos socios con dereito a voto. Caso de non haber *quorum*, poderán celebrarse as reunións en segunda convocatoria media hora despois da sinalada na primeira, para a que non é necesaria a presenza dun número mínimo de socios.

Aceptaranse os votos delegados por escrito (nos que conste o nome do socio que delega o voto, o nome do socio que recibe o voto delegado, o acto e o día para o que se produce a delegación), e os votos por correo, sempre que cheguen á Xunta Directiva cunha data de antelación á celebración da Asemblea en cuestión. Para votos por correo electrónico será necesaria a autenticación da sinatura do remitente

2. A forma de adoptar os acordos en Asemblea será por maioría simple de votos, coas excepcións que sinalen os presentes Estatutos. No prazo máximo dun mes despois da sesión da

Asemblea, o Secretario terá que informar ós socios dos acordos tomados nela.

3. Requirirase votación secreta para:

a. Elixir, renovar ou revocar total ou parcialmente as Xuntas Directivas.

b. Acorda-l a expulsión dun socio.

c. Nos asuntos de transcendental importancia, cando dito tipo de voto sexa solicitado ó menos por cinco socios, ou en calquera votación onde o solicite a maioría dos asistentes.

### **Artigo 11. Competencias**

1. Elixi-los membros da Xunta Directiva Xeral e renova-lo seu nomeamento.

2. Facer cumpri-los fins da Asociación, delegando este labor na Xunta Directiva.

3. Orienta-las actividades da S.G.H.N.

4. Aproba-lo réxime económico.

5. Aproba-lo nomeamento de comisións ou equipos técnicos propostos pola Xunta Directiva para o estudo e xestión de asuntos concretos que interesen á S.G.H.N..

6. Nomear anualmente dous censores de contas.

7. Aproba-las posibles reformas dos Estatutos.

8. Ratifica-las altas de socios aceptadas pola Xunta Directiva Xeral e as baixas non voluntarias de socios propostas pola Xunta Directiva Xeral.

9. Decidir sobre a disolución da S.G.H.N.

## **CAPÍTULO III A XUNTA DIRECTIVA XERAL**

### **Artigo 12. Composición**

1. A Xunta Directiva Xeral é o órgano executivo e de representación da S.G.H.N. e estará composta por:

a. Un Presidente, dous Vicepresidentes, un Tesoureiro e un Secretario, como membros electos.

b. Os Delegados e os Coordinadores de Sección, de acordo co capítulo IV, como membros natos.

c. Un número discrecional de vocais elixidos polos membros electos e natos.

2. Poderanse simultanea-los cargos da Xunta Directiva Xeral cós das Delegacións e Seccións, agás o de Presidente.

3. Os cargos da Xunta Directiva serán honoríficos e non remunerados.

4. Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por:

a. Renuncia voluntaria.

b. Incumprimento das obrigacións que tiveran encomendadas.

c. Revogación.

d. Expiración do mandato.

### **Artigo 13. Elección de cargos**

1. A Xunta Directiva Xeral da S.G.H.N. será elixida polos socios con dereito a voto reunidos en Asemblea, segundo o establecido nos presentes estatutos. Tódolos cargos serán electos para dous anos, sen limitación nas reeleccións.

2. No caso de quedar vacante algún cargo da Xunta Directiva

procederáse como segue:

a. Se o número de vacantes é inferior ou igual a 2/5 dos cargos electos, os restantes membros nomearán ó(s) substituto(s), que deberá(n) ser refrendados pola seguinte Asemblea Xeral.

b. Se o número de vacantes é superior a 2/5 dos cargos, nun prazo non superior a tres meses, abriráse o período electoral para a elección dunha nova Xunta Directiva.

3. A elección e renovación da Xunta Directiva Xeral, realizaráse de acordo có seguinte calendario:

a. O período electoral abriráse corenta e cinco días naturais antes da celebración da Asemblea Xeral na que corresponda renova-la Xunta Directiva Xeral.

b. A presentación de candidaturas deberáse facer por escrito perante a Xunta Directiva Xeral ata vinte días naturais antes de dita Asemblea.

c. A Xunta Directiva Xeral fará públicas as candidaturas ó menos quince días naturais antes da data de convocatoria da Asemblea Xeral.

4. Os cargos directivos serán compatibles cos doutras asociacións afíns, previa autorización da Asemblea Xeral.

5. Non será compatible a pertenza á Xunta Directiva Xeral có desempeño dun cargo político.

### **Artigo 14. Revogación e moción de censura**

1. A xestión da Xunta Directiva Xeral poderá ser controlada polos socios a través da petición de revogación total ou parcial ou dunha moción de censura.

2. A revogación parcial ou total dos membros da Xunta Directiva Xeral compete á Asemblea Xeral. A revogación será proposta por escrito pola cuarta parte dos socios con dereito a voto e aprobaráse se obtén maioría de 2/3 de votos da Asemblea Xeral.

3. Rexeitada a petición de revogación pola Asemblea Xeral non caberá interpoñer outra baseada nos mesmos argumentos durante o mandato da Xunta Directiva Xeral.

4. Aprobada a petición de revogación procederáse, caso de que afectara á totalidade dunha Xunta Directiva Xeral, a nomear unha Xunta Xestora e abriráse inmediatamente un período electoral, de acordo có establecido nos presentes Estatutos. Se a revogación aprobada afectara a un ou máis membros dunha Xunta Directiva, esta poderá presentar á Asemblea outros candidatos para os mesmos postos.

5. A moción de censura procederá naqueles casos en que, existindo a xuízo de quen a presente un funcionamento pouco efectivo da Xunta Directiva Xeral, non sexa este de suficiente entidade como para solicitar a revogación.

6. O procedemento, tipo de votación e maioría necesaria para obter a moción de censura serán os mesmos que para a revogación.

De prosperar a moción de censura, a Xunta Directiva Xeral modificará a súa actuación no punto concreto no que dita moción se tivese producido. Non caberá, durante o período de goberno dunha Xunta Directiva Xeral, máis dunha moción de censura polo mesmo motivo.

7. Son causas alegables para solicita-la revogación dunha Xunta Directiva Xeral, ou parte dela, as seguintes:

a. Realizar actividades ou adoptar posturas

contrarias ós fins da S.G.H.N, definidos nos Estatutos.

b. Non observa-los acordos vinculantes sobre directrices de goberno da S.G.H.N. validamente adoptados en Asemblea Xeral.

c. Demostrar manifesta incompetencia na realización das tarefas propias do cargo que ocupa.

d. Non cumprir coa modificación de actuación derivada dunha moción de censura aprobada.

8. Calquera directivo revogado, non poderá ser reelixido en ningún cargo durante os seis anos seguintes, agás que sexa rehabilitado expresamente pola Asemblea Xeral por 2/3 dos votos.

### **Artigo 15. Sesiões**

1. A Xunta Directiva Xeral da Sociedade reunirase ó menos unha vez ó trimestre e sempre que o Presidente a convoque, ben por propia iniciativa, por solicitude de 2/3 da Xunta Directiva ou por solicitude dunha Delegación.

2. A convocatoria de reunión da Xunta Directiva Xeral será notificada á tódolos seus membros cunha antelación mínima de quince días naturais, facéndose constar a data, hora e local de celebración, así como a Orde do Día a tratar.

3. Os acordos da Xunta Directiva Xeral tomaranse por maioría de votos presentes. Caso de empate decidirá o voto do Presidente.

### **Artigo 16. Competencias**

1. As facultades da Xunta Directiva Xeral estenderanse a tódolos actos propios das finalidades da S.G.H.N., sempre que non requiran autorización expresa da Asemblea Xeral.

2. A Xunta Directiva Xeral terá a misión de executa-los acordos da Asemblea Xeral e estará facultada para decidir sobre aquelas cuestións que, pola súa natureza ou urxencia, non poidan ser levadas á Asemblea, á que, en calquera caso, someterá as súas decisións na convocatoria inmediata posterior.

3. A Xunta Directiva Xeral poderá elevar ás autoridades competentes os acordos da Asemblea; reclamarán desas autoridades as disposicións necesarias para a realización dos acordos adoptados cando proceda e ofrecerán, ó mesmo tempo, a súa colaboración.

4. Son facultades da Xunta Directiva Xeral:

a. Dirixi-las actividades sociais e leva-la xestión económica e administrativa da S.G.H.N.

b. Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e Contas anuais.

c. Aproba-las altas e a baixas ordinarias dos socios, que deberá ser ratificadas pola Asemblea Xeral inmediata.

d. Incoar expediente disciplinario ós socios que incumprisen as súas obrigas coa S.G.H.N. e dictar resolución sempre que a sanción proposta non sexa de expulsión.

e. Levar a cabo actos de adquisición de bens e obtención de créditos.

f. Organizar funcionalmente o traballo da S.G.H.N., formando para iso os equipos técnicos que teña a ben, que se nutrirán dos socios que o soliciten, así como de persoal contratado.

g. Calquera outra que non sexa de exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

5. A Xunta Directiva Xeral queda capacitada para rebate-las

opinións feitas en nome da S.G.H.N. que non se axusten a estes Estatutos e ó espírito da S.G.H.N.

### **Artigo 17. Presidente. Competencias**

O Presidente terá as seguintes atribucións:

a. Representar legalmente á S.G.H.N. ante toda clase de organismos públicos e privados

b. Convocar e presidi-la Asemblea Xeral e a Xunta Directiva Xeral.

c. Dirixi-los debates, ordear-las reunións e executa-los acordos dos órganos de goberno.

d. Ordea-l os gastos e autoriza-los pagos, podendo delegar expresamente en cada ocasión nos Delegados ou Coordinadores.

e. Asinar toda clase de documentos públicos ou privados e, en xeral, tódolos escritos relacionados coa S.G.H.N., podendo delegar expresamente en cada ocasión o uso da sinatura a un membro da Xunta Directiva.

f. Adoptar calquera medida urxente que a marcha da S.G.H.N. aconselle ou resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

g. Velar polo cumprimento dos presentes Estatutos e os seus fins.

### **Artigo 18. Vicepresidentes. Competencias**

O Vicepresidente Primeiro terá ó seu cargo os aspectos administrativos e a organización interna da S.G.H.N., e substituirá ó Presidente en caso de ausencia, enfermidade ou cese.

O Vicepresidente Segundo terá ó seu cargo todo o relacionado co aspecto científico das actividades, e substituirá ó Presidente en ausencia deste e do Vicepresidente Primeiro.

### **Artigo 19. Secretario. Competencias**

O Secretario Xeral terá as funcións de:

a. Redacta-los Regulamentos que rexerán o funcionamento interno da S.G.H.N., que porá á aprobación da Asemblea Xeral.

b. Expedi-los carnés de asociado que deberán leva-la sinatura do Presidente e o selo da S.G.H.N. Os carnés de asociado levarán un número propio e único.

c. Estende-las Actas das reunións e expedi-las certificacións oportunas.

d. Levar e custodia-los Libros de Actas e Socios.

e. Leva-lo arquivo de correspondencia, tanto da recibida como da emitida.

f. Xestionar un rexistro das actividades de S.G.H.N. Este arquivo e rexistros estarán a disposición da Xunta Directiva Xeral, que os porán a disposición da Asemblea Xeral.

### **Artigo 20. Tesoureiro. Competencias**

O Tesoureiro Xeral terá as funcións de:

a. Te-lo seu cargo os libros contables e os efectos da S.G.H.N.

b. Emiti-los recibos da S.G.H.N. ós socios.

c. Redacta-los presupostos anuais, xuntamente co Secretario.

d. Confecciona-los balances e inventarios que serán sometidos á aprobación da Asemblea Xeral.

e. Remiti-la porcentaxe das cotas dos socios adscritos a cada Delegación á correspondente Delegación.

#### **Artigo 21. Vocais e responsables. Competencias**

1. Os vocais terán as obrigacións propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva Xeral e as que deriven das delegacións ou comisións de traballos que se lles encomenden.

2. A Xunta Directiva poderá nomear Responsables para actividades concretas. Estes cargos terán vixencia mentres dure a actividade que motivou a súa creación. Os Responsables representarán á S.G.H.N. nos temas que abrangan a súa área. Darán información ás Delegacións e Xunta Directiva Xeral sobre aqueles temas que puideran solapa-las competencias destas.

## **CAPÍTULO IV ESTRUCTURA**

#### **Artigo 22. Estructura**

Co fin de artella-las súas actividades, a S.G.H.N. organízase en Delegacións (zonas xeográficas de actuación) e Seccións (eidos científicos de actuación). As Delegacións vixentes son as de Ferrol, Ourense, Pontevedra e Santiago. As Seccións vixentes son as de Entomoloxía, Mamíferos mariños e Ornitoloxía. Poderán crearse Delegacións e Seccións no futuro ou disolverse as que existan, no caso de considerarse necesario.

O funcionamento das Delegacións e Seccións será autónomo dentro da zona ou eido de actuación, sen perde-la coherencia necesaria para o funcionamento da S.G.H.N. como unha unidade, estando as súas actividades en consonancia coa liña da S.G.H.N., coas resolucións da Asemblea Xeral e cós presentes Estatutos.

As novas Delegacións e Seccións crearanse por medio dunha Asemblea Constituínte, e refrendaranse nunha Asemblea Xeral.

Dentro da área de influencia de cada Delegación poderán existir Grupos Locais, constituídos por asociados residentes nunha localidade concreta. Os Grupos Locais terán voz propia, na súa Delegación, en relación cos asuntos específicos da súa zona.

#### **Artigo 23. Asembleas de Delegación e Sección**

Terán as mesmas competencias que a Asemblea Xeral, referidas á súa zona ou eido de actuación; en ningún caso poderán decidir sobre:

- a. Altas e baixas de socios.
- b. Reforma de estatutos.
- c. Disolución da asociación.

#### **Artigo 24. Xuntas Directivas de Delegación, Grupo Local e Sección**

1. Terán as mesmas competencias que a Xunta Directiva Xeral, referidas á súa zona ou eido de actuación, agás solicitar créditos e/ou contraer débedas sen autorización expresa da Xunta Directiva Xeral ou admitir altas e baixas de socios.

2. As Xuntas Directivas de Delegación e Sección estarán compostas por

- a. Delegación: Delegado, Secretario e Tesoureiro e

un número discrecional de vocais eleixidos polos membros electos.

b. Seccións: Coordinador e un número discrecional de vocais.

c. Grupo Local: Delegado, Secretario e Tesoureiro e un número discrecional de vocais eleixidos polos membros electos.

3. Os Delegados representarán legalmente á S.G.H.N. na zona da súa Delegación. Así mesmo representarán á súa Delegación na Xunta Directiva Xeral; esta representación poderá delegala en calquera membro das súas Xuntas Directivas mediante comunicación escrita, dirixida ó Presidente. As súas competencias serán similares ás do Presidente da S.G.H.N. pero referidas á súa zona de actuación; deberá existir delegación do Presidente nos casos sinalados no artigo 17.

4. Os Coordinadores de Sección representarán á Asociación no seu eido de actuación. Así mesmo representarán á súa Sección na Xunta Directiva Xeral; esta representación poderá delegala en calquera membro das súas Xuntas Directivas mediante comunicación escrita, dirixida ó Presidente. As súas competencias serán similares ás do Presidente de S.G.H.N. pero referidas ó seu eido de actuación; deberá existir delegación do Presidente nos casos sinalados no artigo 17.

5. As funcións dos Secretarios das Delegacións serán as mesmas que as do Secretario Xeral, só que referidas ás súas delegacións respectivas agás a emisión dos carnés de socio.

6. As funcións dos Tesoureiros das Delegacións serán as mesmas que as do Tesoureiro Xeral, só que referidas ás súas delegacións respectivas, agás a emisión de cotas sociais.

## **CAPÍTULO V ÓRGANOS ASESORES**

#### **Artigo 25. Comités asesores**

Na S.G.H.N. poderán funcionar Comités Asesores para aconsellar en aquelas cuestións que lle sexan solicitadas pola Xunta Directiva. Formarán parte deles aquelas persoas, sexan socios ou non, que pola súa relevancia ou polos seus coñecementos, sexan propostos pola Xunta Directiva e aprobados na Asemblea correspondente.

## **TÍTULO III SOCIOS**

#### **Artigo 26. Requisitos**

Poderán ser socios da S.G.H.N. tantas persoas físicas ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, o soliciten e sexan aceptados pola Xunta Directiva Xeral. A súa admisión debe ser refrendada posteriormente pola Asemblea Xeral.

#### **Artigo 27. Clases**

Os socios poden ser: Numerarios, Familiares, Estudiantes, Xuvenís, Honorarios e Protectores.

a. Socios Numerarios: serán as persoas físicas maiores de 18 anos que teñan capacidade para obrar e se inscriban como tales, e as persoas xurídicas que se inscriban na Asociación.

b. Socios Familiares: será unha persoa da mesma

unidade familiar dun socio numerario que sexa persoa física. Só poderá haber un socio familiar por cada socio numerario. Os socios familiares terán os mesmos dereitos e obrigas que tódolos socios, agás á recepción de publicacións. Aboarán conxuntamente o 150% da cota dos socios numerarios.

c. Socios Estudiantes: aquelas persoas maiores de 18 anos que acrediten tal condición. Terán tódolos dereitos dos socios numerarios.

Aboarán o 75% da cota dos socios numerarios. En calquera caso pasarán á categoría de socios numerarios ó cumpriren os 25 anos.

d. Socios Xuvenís: serán as persoas físicas menores de idade e non emancipadas, pero maiores de 14 anos que acrediten documentalmente esta condición e o consentimento das persoas que suplan a súa capacidade. Terán dereito a voz sen voto nas Asembleas, pero non poderán ser electores nin elixibles para cargos nas mesmas. Aboarán o 50% da cota dos socios numerarios.

e. Socios Honorarios: serán aquelas persoas físicas ou xurídicas que polo carácter que ostentan, polo seu relevo persoal ou polos servicios prestados á S.G.H.N. sexan nomeados como tales pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva e que acepten o nomeamento. Os socios honorarios terán os dereitos e obrigas de tódolos socios, agás o pago de cotas do cal estarán exentos. A condición de socio honorario poderá ser revogada pola Asemblea Xeral cando cesen as circunstancias que no seu día xustificaron a elección e non houbese outras que aconsellen a continuidade.

f. Socios Protectores: serán aquelas persoas físicas nacionais ou estranxeiras que aboen dunha soa vez alomenos 50 cotas anuais de socio numerario, ou as persoas xurídicas, institucións ou organizacións que axuden, colaboren ou subvencionen á S.G.H.N. ou as súas actividades e que sexan aceptadas como tales pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva. Terán os mesmos dereitos que os socios numerarios.

## **Artigo 28. Dereitos dos socios**

Son dereitos dos socios:

a. Participar nas Asembleas e deliberacións ás que sexan convocados e emitilo seu voto nas Asembleas.

b. Ser atendidos en tódalas cuestións que coincidan cos fins da S.G.H.N.

c. Beneficiarse de cantos servicios poidan crearse ou levarse a cabo pola S.G.H.N.

d. Recibir gratuitamente as circulares e publicacións informativas da S.G.H.N., e as divulgativas e científicas que determine a Xunta Directiva correspondente, segundo as normas especiais que rexen para as distintas clases de socios, e beneficiarse dunha redución no prezo das publicacións e outros produtos da S.G.H.N.

e. Formar parte dos órganos xestores da S.G.H.N. sempre que se cumpran os requisitos necesarios.

f. Participar nas diversas actividades sociais, nas condicións que se acorden en cada ocasión.

g. Examinar e consultar os fondos bibliográficos da S.G.H.N. nos locais da mesma ou nas condicións que se determine.

h. Someter a xuízo da Asemblea Xeral, de Delegación ou Sección, segundo corresponda, a realización de

proxectos científicos, culturais, recreativos, didácticos ou divulgativos acordados cos fins da S.G.H.N., sempre que contén có informe favorable da Xunta Directiva que corresponda.

i. Solicitar do Secretario correspondente certificacións das actas de Asembleas Xerais, de Delegación, Sección ou doutras reunións celebradas de forma válida, estendidas có prace do Presidente, Delegado ou Coordinador, segundo proceda.

j. Revisar, en presenza dalgún membro da Xunta Directiva e do Tesoureiro correspondente e sempre que conte co apoio por escrito do 5% dos socios, Balances, Presupostos, Estados de contas, etc., da S.G.H.N. ou dalgunha das súas Delegacións ou Seccións.

k. Impugna-los acordos tomados polos órganos da S.G.H.N. que se estimen contrarios á Lei ou ós presentes Estatutos.

l. Ser escoitados con carácter previo á adopción de medias disciplinares e ser informado dos feitos que deron lugar a tales medidas debendo ser motivado o acordo que imponha a sanción.

m. Os socios adscribíranse á delegación da zona xeográfica na que residan, agás indicación expresa.

## **Artigo 29. Deberes dos socios**

Son deberes dos socios:

a. Acatar e cumprilo presentes Estatutos e os acordos tomados polos órganos rectores da S.G.H.N.

b. Satisfacer as cotas sociais.

c. Informar á Asemblea correspondente, ou as súas Xuntas Directivas, de canto poida interesar á S.G.H.N. e ós seus fins.

d. Non usar en proveito propio ou de terceiros, sen autorización previa e por escrito da Xunta Directiva que corresponda, datos e informes de todo tipo, relacionados coa S.G.H.N. e as súas actividades, facéndose en todo caso responsable do uso dado ós mesmos.

f. Non usar o nome da S.G.H.N. en calquera actividade non autorizada expresamente e por escrito pola Xunta Directiva correspondente en representación da Asemblea Xeral.

g. Manter unha conducta inequívoca en favor dos fins da S.G.H.N. e da Natureza en xeral.

## **Artigo 30. Baixas**

1. A condición de socio perderase:

a. A petición do interesado por escrito dirixida á Xunta Directiva Xeral.

b. Por finamento.

c. Por expulsión acordada pola Asemblea Xeral, á proposta da Xunta Directiva Xeral, en caso de incumprimento grave dos deberes sociais.

d. Non satisfacerlo pago das cotas sociais.

2. A competencia para decidir a expulsión dalgún socio recae na Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva Xeral, a cal queda facultada para ordear a suspensión provisoria de dereitos do socio que ó seu xuízo incorra nalgunha das causas de expulsión. A suspensión provisoria de dereitos deberá ser ratificada como expulsión definitiva ou revogada pola Asemblea Xeral inmediata posterior.

## TÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL

### Artigo 31. Patrimonio

A Asociación posúe un patrimonio fundacional de 90 EUR formado polas primeiras cotas sociais.

### Artigo 32. Ingresos e cuotas

1. Os fondos económicos da S.G.H.N. estarán constituídos por:

- a. As cotas sociais que se establezan.
- b. As subvencións de organismos públicos ou privados, ou os contratos que con estas entidades se establezan, sempre e cando non comprometan a autonomía ou os fins da S.G.H.N.

A S.G.H.N. poderá acceder ós concursos que convoque a Administración do Estado ou calquera dos seus Organismos, a Xunta de Galicia, os Concellos ou calquera organismo público ou privado, tanto españois, estranxeiros ou supra-estatais, así como formalizar contratos para a realización de traballos científicos, de conservación ou calquera outros acordos cos seus fins: as subvencións serán investidas na realización dos devanditos traballos, e o sobrante pasara a engrosar o activo da S.G.H.N., sempre que iso non contradiga as condicións do concurso ou contrato.

- c. A parte proporcional que se determine sobre os presupostos dos contratos que se establezan.
- d. Os donativos que puideran recibirse.
- e. Os ingresos que se perciban por calquera outro concepto lícito.

2. As cotas ordinarias ou extraordinarias estableceranse pola Asemblea, a proposta da Xunta Directiva, e non son reintegrables en ningún caso.

3. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

4. Das contas abertas en institucións de crédito a nome da S.G.H.N. poderá dispor o Presidente; así como o Secretario e o Tesoureiro mediante delegación do Presidente. Nas Delegacións e Seccións disporán nas mesmas condicións os Delegados ou Coordinadores, Secretarios e Tesoueiros, coas limitación de endebedamento establecidas no artigo 24.

### Artigo 33. Financiamento das delegacións e seccións

1. Para realiza-las súas actividades, cada Delegación terá dereito á parte correspondente das cotas de socios adscritos a ela.

2. As Delegacións e Seccións poderanse financiar tamén por medio de subvencións concedidas por organismos, entidades, etc., coidando de realiza-las solicitudes dentro da zona da Delegación ou ámbito de Sección e coordinándose co resto de Delegacións, Seccións e Xunta Directiva Xeral.

3. As Delegacións e Seccións poderanse financiar así mesmo coa realización de actividades diversas, sempre que non supoñan menosprezo do prestixio e fins da S.G.H.N.

4. En tódolos casos o importe quedará integramente na Delegación ou Sección respectiva, anotándose os ingresos no libro contable e xustificándose debidamente os gastos, dos que se pasará comunicación á Xunta Directiva que corresponda.

5. A Xunta Directiva Xeral da S.G.H.N. poderá variar a distribución de fondos xerais segundo as necesidades e actividades das Delegacións e Seccións. Primará na S.G.H.N. o principio de axuda entre Delegacións e Seccións.

## TÍTULO V REFORMA DOS ESTATUTOS

### Artigo 34. Modificación dos estatutos

Os presentes Estatutos poderán ser modificados na forma que acorden os 2/3 dos votos emitidos polos socios presentes ou validamente representados, reunidos en Asemblea Xeral convocada ó efecto.

## TÍTULO VI DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

### Artigo 35. Disolución

1. A S.G.H.N. disolverase cando legalmente proceda ou cando así o determinen os 2/3 dos votos emitidos polos membros presentes ou validamente representados, reunidos en Asemblea Xeral convocada ó efecto.

2. Caso de disolución da S.G.H.N., as Delegacións e Seccións quedarán autorizadas a constituírse en asociacións con entidade propia, cedéndolle o remanente da liquidación da S.G.H.N. como tal, se o houbera.

### Artigo 36. Liquidación

No caso de que se dese unha disolución total, a Asemblea Xeral nomeará unha comisión liquidadora, que procederá ó cumprimento das obrigacións pendentes. Unha vez fixado o estado de liquidación, de ter remanente, entregarase a unha institución que persiga fins análogos ós da S.G.H.N., a proposta dos socios e aprobado pola Asemblea Xeral.

### Disposición adicional. Xurisdicción

As cuestións que se susciten entre os órganos da S.G.H.N. e a interpretación dos presentes Estatutos serán competencia da Xunta Directiva Xeral, podéndose recorrer as súas decisións perante a Asemblea Xeral. De non existir acordo someteranse á xurisdicción dos Tribunais Ordinarios Competentes.

### Disposición derogatoria

Queda anulado calquera réxime interno aprobado con anterioridade e calquera disposición que se opoña ós presentes Estatutos. Toda a regramentación interna será novamente validada na Asemblea correspondente.

### Disposición final. Entrada en vigor

Os presentes estatutos entrarán en vigor ós 30 días naturais contados dende a recepción da súa aprobación polo Ministerio do Interior.



Os presentes estatutos son os aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria da S.G.H.N. celebrada o 28-02-04, coas modificacións esixidas polo Ministerio de Interior en base ó establecido na *Ley Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación*:

- Artigo 2. A Xunta Directiva Xeral non pode modificar o enderezo social, pois esta é unha competencia da Asemblea.
- Artigo 27, do que se eliminan, por Orde Gubernativa, os socios xuvenís menores de catorce anos e especificase que os comprendidos entre 14 e 18 anos deben contar con autorización paterna.

A versión aprobada polo Ministerio de Interior corresponde á traducción literal (por esixencia gubernativa) do texto aprobado pola Asemblea de Socios do 28/02/04 coas modificacións indicadas.